

## **ORDE do 23 de novembro de 2001 pola que se regula o procedemento de recadación voluntaria e executiva das multas e sancións.**

[Primeiro.-Do procedemento de recadación en período voluntario.](#)

[Segundo.-Do procedemento de recadación en período executivo.](#)

[Terceiro.-Achega informatizada da información.](#)

[Disposición adicional primeira.](#)

[Disposición adicional segunda.](#)

[Disposición adicional terceira.](#)

[Disposición derogatoria.](#)

[Disposición derradeira.](#)

[Anexo I.-Documento de ingreso de multas e sancións da Comunidade Autónoma de Galicia.](#)

[Anexo II.-Relación certificada de debedores que non pagaron en período voluntario.](#)

[Anexo III.-Multas e sancións da Comunidade Autónoma de Galicia.](#)

## **ORDE do 23 de novembro de 2001 pola que se regula o procedemento de recadación voluntaria e executiva das multas e sancións.**

O artigo 14 do Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, dispón que constitúen dereitos económicos da Facenda Pública de Galicia, entre outros, o produto das multas e sancións impostas no ámbito da súa competencia.

Pola súa parte, no artigo 2 do Decreto 51/2000, do 25 de febreiro, polo que se establece a organización recadatoria da Xunta de Galicia e o Estatuto dos recadadores de zona, establécese que a xestión recadatoria en período voluntario será levada polos órganos de recadación da Consellería de Economía e Facenda e dos organismos autónomos que teñan atribuída a xestión dos correspondentes recursos, e en período executivo, polos órganos de recadación da Consellería de Economía e Facenda.

A xestión recadatoria das multas e sancións estaba regulada pola Orde do 22 de maio de 1997, definindo unha serie de procesos en canto ó ingreso en distintas contas restrinxidas e remisión de información, que foron superados ó longo do tempo por procesos automáticos para o tratamento da xestión recadatoria, os cales xa se veñen aplicando a outros recursos.

Co obxecto de homoxeneiza-los procedementos recadatorios e a adaptación destes á nova moeda, fai preciso abordar un cambio no sistema actual para a recadación de multas e sancións.

En consecuencia, e en uso das competencias conferidas polo artigo 7 do citado Decreto legislativo 1/1999,

DISPOÑO:

**Primeiro.-Do procedemento de recadación en período voluntario.**

1. O procedemento aquí definido será de aplicación ás multas e sancións impostas pola Administración da Xunta de Galicia e polos organismos autónomos e entes públicos que non teñan atribuída a xestión dos correspondentes recursos.
2. As multas e sancións impostas polos órganos administrativos da Comunidade Autónoma que teñan atribuída a potestade sancionadora polo ordenamento xurídico serán notificadas aos interesados conforme o previsto no citado ordenamento.
3. Os órganos sancionadores notificarán xunto coa resolución sancionadora o documento de ingreso, segundo os modelos que figuran como anexo I a esta orde. O documento constará de tres exemplares, un primeiro para o interesado, outro para a entidade financeira e un terceiro para o órgano sancionador, que quedará en poder deste como antecedente do documento de ingreso expedido.
4. Os documentos de ingreso serán confeccionados por esta consellería para cada un dos órganos sancionadores. Os órganos sancionadores obterán os documentos de ingreso a través das aplicacións informáticas que a Atriga habilite para isto. A cada órgano sancionador, logo da súa solicitude, asignaráselle un código de ingreso que permitirá a súa identificación no nivel de consellería, servizo e ámbito territorial.

5. O ingreso terá que realizarse naquelas entidades colaboradoras consignadas no propio documento de ingreso. Os impresos en papel debidamente validados pola entidade financeira servirán como xustificante de pagamento da multa ou sanción correspondente. Cando o pagamento se realice de xeito electrónico, será xustificante de pagamento o modelo 730, que configurará a aplicación informática que a Atriga dispoña na OVT consonte o modelo que figura no anexo III desta orde.

6. Os órganos sancionadores poderán obter da aplicación informática a información sobre a recadación das multas e sancións impostas por eles e recadadas en período voluntario.

*Artigo modificado polo artigo terceiro da Orde de 18 de febreiro de 2022 pola que se modifican determinadas ordes no ámbito tributario.*

### **Segundo.-Do procedemento de recadación en período executivo.**

1. Este procedemento será levado unicamente polos órganos de recadación desta consellería, polo que os trámites que a continuación se definen serán de aplicación en todo o ámbito da Administración da Xunta de Galicia.

2. Transcorrido o período voluntario de ingreso sen que conste que se efectuou o aboamento do importe da multa ou sanción, o órgano sancionador emitirá unha relación certificada segundo o anexo II, na que se incluírán todos aqueles debedores que non pagaron en período voluntario as sancións administrativas firmes impostas por infracción das disposicións vixentes.

3. A relación á que se refire o punto anterior será remitida por duplicado á delegación territorial desta consellería correspondente ó ámbito territorial do órgano sancionador, con independencia do domicilio fiscal do debedor.

4. O Servicio de Recadación da Delegación Territorial tramitará a devandita relación de acordo cos procedementos establecidos e devolverá unha copia debidamente dilixenciada co recibín ó órgano sancionador, así como a indicación, de se-lo caso, das causas que impidan a incorporación das débedas á aplicación informática co obxecto da súa emenda e posterior envío na próxima relación.

5. Dentro dos dez primeiros días de cada mes, os órganos de recadación desta consellería renderán ós órganos sancionadores información sobre a xestión recadatoria en período executivo obtida respecto ó mes anterior.

### **Terceiro.-Achega informatizada da información.**

Na medida en que os medios técnicos o permitan, habilitaranse os mecanismos necesarios para que o transvase de información entre os órganos de recadación desta consellería e os órganos sancionadores, e viceversa, se efectúe por vía telemática.

### **Disposición adicional**

**Primeira.**-Aqueles organismos autónomos e entes públicos que teñan atribuída a xestión dos correspondentes recursos e desexen acollerse, non obstante, ó procedemento de recadación voluntaria previsto no punto primeiro, deberán manifestalo previamente a esta consellería.

**Segunda.**-As contas restrinxidas de recadación abertas actualmente para a recadación de multas e sancións serán canceladas o 28 de febreiro de 2002, agás as correspondentes ós organismos autónomos e entes públicos que, en función do disposto na disposición adicional primeira, opten por continuar coa xestión recadatoria destes recursos de acordo co procedemento anterior.

**Terceira.**-Autorízase a persoa titular da Dirección da Axencia Tributaria de Galicia a actualizar os anexos desta orde.

*Disposición adicional engadida polo artigo terceiro da Orde de 18 de febreiro de 2022 pola que se modifican determinadas ordes no ámbito tributario.*

### **Disposición derogatoria**

Queda derogada a Orde do 22 de maio de 1987, pola que se determina o procedemento que se ten que seguir na recadación en período voluntario e executivo de multas e sancións.

### **Disposición derradeira**

Esta orde entrará en vigor o día 1 de xaneiro de 2002.

Santiago de Compostela, 23 de novembro de 2001.

José Antonio Orza Fernández  
Conselleiro de Economía e Facenda

## ANEXO I

### DOCUMENTO DE INGRESO DE MULTAS Y SANCIONES DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA



#### MULTAS E SANCIONS MULTAS Y SANCIONES

<b>ORGANISMO SANCIONADOR</b>						<b>CLAVE</b>
<b>IDENTIFICACIÓN</b>						
<b>D.N.I./C.I.F.</b>		<b>APELLIDOS E NOME OU RAZÓN SOCIAL / APELLIDOS Y NOMBRE O RAZÓN SOCIAL</b>				
<b>S.G.</b>	<b>VÍA PÚBLICA</b>	<b>NÚM.</b>	<b>ESC.</b>	<b>PRTA.</b>	<b>PISO</b>	<b>TELÉFONO</b>
<b>MUNICIPIO</b>		<b>C.POSTAL</b>	<b>PROVINCIA</b>			
<b>AÑO / AÑO</b>	<b>NÚMERO EXPEDIENTE</b>					
<b>INFRACCIÓN</b>						
<b>DATA / FECHA RESOLUCIÓN</b>				<b>IMPORTE</b>		
€						
<b>PERÍODO VOLUNTARIO DE PAGAMENTO / PERÍODO VOLUNTARIO DE PAGO</b>						
<p>De conformidade co establecido no artigo 85 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Se antes da resolución do procedemento recoñece a súa responsabilidade aplicarase unha redución do _% da sanción proposta.</li> <li>- Se antes da resolución do procedemento efectúa o pagamento da sanción proposta aplicarase unha redución do _% da sanción proposta.</li> <li>- Se antes da resolución do procedemento efectúa o pagamento da sanción proposta e recoñece a súa responsabilidade aplicarase unha redución do _% da sanción proposta.</li> </ul> <p>Opción elixida:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li><input type="checkbox"/> Pagamento con recoñecemento de responsabilidade (redución _%)</li> <li><input type="checkbox"/> Pagamento antes da resolución (redución _%)</li> <li><input type="checkbox"/> Pagamento antes da resolución e recoñecemento de responsabilidade (redución _%)</li> </ul> <p>(Advertencia: De non optar por algunha das reducións citadas e unha vez ditada a resolución do procedemento, absterase de realizar o ingreso con este documento, pois non terá dereito a estas reducións)</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- O pagamento voluntario antes da resolución implicará a terminación do procedemento, agás no relativo, de ser o caso, á reposición da situación alterada ou á determinación da indemnización polos danos e prexuízos causados pola comisión da infracción.</li> <li>- A efectividade de calquera das citadas reducións, suporá a desistencia ou renuncia de calquera acción ou recurso en vía administrativa contra a sanción.</li> <li>- No caso de que efectúe o pagamento con calquera destas reducións, deberá comunicalo ó organismo sancionador correspondente, no prazo de __ días.</li> </ul>						
<b>TOTAL A INGRESAR</b>						€

\_\_\_\_\_  
Sinatura

TALÓN DE CARGO	Clave entidade	Data	Importe
Selo e sinatura	Clave entidade	Fecha	Importe
Sello y firma	Clave entidad	Fecha	Importe

A ingresar en:

- ASANCA
- BBVA
- SANTANDER
- A través da oficina Virtual Tributaria na ligazón <https://ovt.atrigo.gal/> mediante tarxeta a través de TPV para débedas inferiores a 3.000€ ou cargo en conta nas entidades dispoñibles
- A través da Oficina Virtual Tributaria en el enlace <https://ovt.atrigo.gal/> mediante tarjeta a través de TPV para débedas inferiores a 3.000€ o cargo en cuenta en las entidades disponibles

**Exemplar para o Intercedado**  
**Ejemplar para el Intercedado**

**MULTAS E SANCIÓNS**  
**MULTAS Y SANCIONES**

ORGANISMO SANCIONADOR							CLAVE
IDENTIFICACIÓN							
D.N.I./C.I.F.		APELIDOS E NOME OU RAZÓN SOCIAL / APELLIDOS Y NOMBRE O RAZÓN SOCIAL					
S.G.	VÍA PÚBLICA	NÚM.	ESC.	PRTA.	PISO	TELÉFONO	
MUNICIPIO		C.POSTAL	PROVINCIA				
ANO / AÑO	NÚMERO EXPEDIENTE						
INFRACCIÓN							
DATA / FECHA RESOLUCIÓN				IMPORTE			
PERÍODO VOLUNTARIO DE PAGAMENTO / PERÍODO VOLUNTARIO DE PAGO							€
<p>No suposto que decida voluntariamente facer efectiva a sanción antes de que transcorran os 30 días seguintes á notificación da presente, a cantía pecuniaria da sanción proposta reducirase nun 30,00%. (Art. 146.3 da Lei 16/1987 de 30 de xullo). A realización do dito pago implica a conformidade cos feitos denunciados, a renuncia a formular alegacións por parte do interesado e a terminación do procedemento. (Advertencia: Unha vez transcorrido o dito prazo absterase de realizar o ingreso co presente documento)</p> <p>En el supuesto que decida voluntariamente hacer efectiva la sanción antes de que transcurran los 30 días siguientes a la notificación de la presente, la cuantía pecuniaria de la sanción propuesta se reducirá en un 30,00%. (Art. 146.3 de la Ley 16/1987 de 30 de julio). La realización de dicho pago implica la conformidad con los hechos denunciados, la renuncia a formular alegaciones por parte del interesado y la terminación del procedimiento. (Advertencia: Una vez transcurrido dicho plazo se abstendrá de realizar el ingreso con el presente documento)</p>							
<b>TOTAL A INGRESAR</b>							<b>€</b>

Sinatura

**TALÓN DE CARGO**

Sello e sinatura  
Sello y firma

Clave entidade  
Clave entidad

Data  
Fecha

Importe  
Importe

A ingresar en:

- ABANCA

- BBVA

- SANTANDER

- A través da Oficina Virtual Tributaria na ligazón <https://ovt.atrigo.gal/> mediante tarxeta a través de TPV para débedas inferiores a 3.000€ ou cargo en conta nas entidades dispoñibles

- A través de la Oficina Virtual Tributaria en el enlace <https://ovt.atrigo.gal/> mediante tarjeta a través de TPV para deudas inferiores a 3.000€ o cargo en cuenta en las entidades disponibles

**Exemplar para o interesado**  
**Ejemplar para el interesado**

**MULTAS E SANCIÓNS**  
**MULTAS Y SANCIONES**

ORGANISMO SANCIONADOR						CLAVE
IDENTIFICACIÓN						
D.N.I./C.I.F.		APELIDOS E NOME OU RAZÓN SOCIAL / APELLIDOS Y NOMBRE O RAZÓN SOCIAL				
S.G.	VÍA PÚBLICA	NUM.	ESC.	PRTA.	PISO	TELÉFONO
MUNICIPIO		C.POSTAL	PROVINCIA			
ANO / AÑO		NÚMERO EXPEDIENTE				
INFRACCIÓN						
DATA / FECHA RESOLUCIÓN				IMPORTE		
€						
PERÍODO VOLUNTARIO DE PAGAMENTO / PERÍODO VOLUNTARIO DE PAGO						
<p>Conforme ao disposto na disposición adicional undécima da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, o prazo de ingreso en período voluntario será o establecido no artigo 62.2 da Lei 58/2003 do 17 de decembro, Xeral Tributaria.</p> <p>O pago en período voluntario deberá facerse nos seguintes prazos:</p> <p>a) Se a notificación da liquidación realizase entre os días un e 15 de cada mes, dende a data de recepción da notificación ata o día 20 do mes posterior ou, se este non fose hábil, ata o inmediato hábil seguinte.</p> <p>b) Se a notificación da liquidación realizase entre os días 16 e último de cada mes, desde a data de recepción da notificación ata o día cinco do segundo mes posterior ou, se este non fose hábil, ata o inmediato hábil seguinte.</p> <p>As débedas non satisfeitas nos períodos citados nos apartados anteriores, esixiránse en vía de constrinximento.</p> <p>Conforme a lo dispuesto en la disposición adicional undécima de la Ley 7/2005, del 29 de diciembre, de Presupuestos Generales de la Comunidad Autónoma de Galicia para el año 2006, el plazo de ingreso en período voluntario será el establecido en el artículo 62.2 de la Ley 58/2003 de 17 de diciembre, General Tributaria.</p> <p>El pago en período voluntario deberá hacerse en los siguientes plazos:</p> <p>a) Si la notificación de la liquidación se realiza entre los días uno y 15 de cada mes, desde la fecha de recepción de la notificación hasta el día 20 del mes posterior o, si este no fuera hábil, hasta el inmediato hábil siguiente.</p> <p>b) Si la notificación de la liquidación se realiza entre los días 16 y último de cada mes, desde la fecha de recepción de la notificación hasta el día cinco del segundo mes posterior o, si este no fuera hábil, hasta el inmediato hábil siguiente.</p> <p>Las deudas no satisfechas en los períodos citados en los apartados anteriores, se exigirán en vía de apremio.</p>						

Sinatura

TALÓN DE CARGO

Selo e sinatura  
Sello y firma

Clave entidade  
Clave entidad

Data  
Fecha

Importe  
Importe

A ingresar en:

- ABANCA

- BBVA

- SANTANDER

- A través da Oficina Virtual Tributaria na ligazón <https://ovt.atrigr.a.gal/> mediante tarxeta a través de TPV para débedas inferiores a 3.000€ ou cargo en conta nas entidades dispoñibles

- A través de la Oficina Virtual Tributaria en el enlace <https://ovt.atrigr.a.gal/> mediante tarjeta a través de TPV para deudas inferiores a 3.000€ o cargo en cuenta en las entidades disponibles

Exemplar para o interesado  
Ejemplar para el interesado

*Anexo I modificado polo artigo terceiro da Orde de 18 de febreiro de 2022 pola que se modifican determinadas ordes no ámbito tributario.*

ANEXO II

**ÓRGANO SANCIONADOR**.....

**CLAVE**.....

Don/Dona.....como.....

CERTIFICO: que as persoas ou entidades que a seguir se relacionan non pagaron as sancións administrativas firmes impostas por infracción das disposicións vixentes.

Nome ou razón social do debedor	NIF/CIF	Número do expediente	Domicilio	Importe da sanción	Data de vencemento do período voluntario	Meses de prescrición

En....., ..... de ..... 20.....


O .....

*Anexo II modificado pola Disposición final primeira da Orde do 10 de decembro de 2019 pola que se establecen o procedemento e as condicións para a domiciliación do pagamento de determinadas débedas cuxa xestión ten atribuída a Axencia Tributaria de Galicia.*

ANEXO III

MODELO 730. MULTAS E SANCIÓN DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA

EXEMPLAR PARA O INTERESADO

		XUSTIFICANTE DE PAGO DE TAXAS, PREZOS, MULTAS E SANCIÓN DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA		<b>730</b>
Nº Expediente		Nº Ingreso		
<b>Obrigado ó pago ou suxeito pasivo</b>				
NIF		Nome ou Razón Social		
Enderezo				
<b>Representante</b>				
NIF		Nome ou Razón Social		
Enderezo				
<b>Códigos</b>				
Comunidade				
Delegación				
Servizo				
Multa ou sanción				
<b>Datos do pago</b>				
IMPORTE				
<b>Obxecto do pago</b>				
Número de expediente				
Intención				
<b>Ingreso</b>				
Entidade:				
Data ingreso:		NRC:		
<b>Selo</b>				
A veracidade do contido deste documento pódese comprobar na dirección web: <a href="http://www.aga.gal">www.aga.gal</a> (OFICINA VIRTUAL TRIBUTARIA).				
Código seguro de verificación:				

Exemplar para o interesado

Anexo III engadido polo artigo terceiro da Orde de 18 de febreiro de 2022 pola que se modifican determinadas ordes no ámbito tributario.